



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Abril 2018

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de abril de 2018**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2017 e anteriores.

ABRIL 2018


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadia media e grao de ocupación nos establecementos regrados. Abril 2018

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17	%	Var. Int. 18/17
HOTEIS	252.974	-15,9%	486.524	-15,7%	1,92	0,2%	37,97%	-5,23
PENSIÓNS	46.267	-39,6%	89.797	-23,3%	1,94	27,0%	18,61%	-1,43
ESTAB. HOTELEIROS	299.241	-20,7%	576.322	-17,0%	1,93	4,7%	32,66%	-3,45
APTOS. TURÍSTICOS	8.761	-32,3%	20.885	-37,8%	2,38	-8,1%	17,92%	-7,17
CÁMPINGS	2.272	-67,0%	5.388	-67,8%	2,37	-2,4%	7,51%	-4,78
TURISMO RURAL	13.040	-34,9%	21.123	-45,0%	1,62	-15,5%	11,15%	-8,85
ESTAB. EXTRAHOTEL.	24.073	-39,6%	47.396	-46,6%	1,97	-11,5%	-	-
TOTAL	323.314	-22,5%	623.718	-20,3%	1,93	2,8%	-	-

- No pasado mes de abril Galicia rexistra unha caída global do volume de demanda turística regrada. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados descende un 22,5% e o volume de noites un 20,3% en relación ao mesmo período do anterior 2017.
- Tal circunstancia débese en boa medida ao efecto negativo do calendario e en particular á celebración da Semana Santa, que neste ano coincidiu plenamente en marzo mentres que no anterior 2017 cadrou en abril. Dáse, por tanto, certo nesgo negativo en abril de 2018 que afecta aos resultados globais e, sobre todo, á intensidade das variacións en termos interanuais.
- Este feito condiciona tamén a análise desde unha perspectiva temporal. Así, a evolución da demanda no mes de abril vén condicionada polo calendario e tradúcese nun comportamento irregular, con anos de crecemento e de caídas. Nestes últimos anos, por exemplo, a demanda sobe en abril de 2014 e 2015, cae en 2016, increméntase de novo e de forma notable en 2017 para caer novamente agora en 2018. Con todo, o nivel deste ano mantense por encima das 600 mil noites, dato que mellora o nivel rexistrado no período 2011-16.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é moi semellante. O descenso deste ano contraponse ao incremento rexistrado en 2017 que á súa vez viña precedida por comportamentos irregulares en anos anteriores. O nivel final deste ano sitúase en pouco máis de 323 mil, cifra obviamente inferior á do pasado ano pero superior á rexistrada de 2011 a 2016.

- O dato deste mes de abril contrasta co observado nos primeiros meses do ano, cando o volume de noites superara en porcentaxes variables as cifras de 2017 –nun 4,3% en xaneiro, nun 0,1% en febreiro e nun 21,4% en marzo-. O cómputo global da como resultado que no conxunto do primeiro cuadrimestre do ano o nivel de demanda turística regrada en Galicia descende un 2,8% en relación ao mesmo período de 2017 –rexistrando pouco máis de 1,8 millóns de noites-. Rómponse, por tanto, a evolución positiva dos primeiros meses do ano sendo que a caída de abril supera en volume e intensidade o incremento rexistrado no primeiro trimestre.


Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de Abril 2005-18



- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense na perda de case 94 mil viaxeiros aloxados e de 154 mil novas pernoctacións en relación ao mes de abril de 2017.
- A nivel estatal obsérvase igualmente unha caída tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 10,4%– coma do volume de noites –do 10,9% neste caso–.
- Este descenso vén como consecuencia do comportamento negativo observado en todas as comunidades autónomas, con diversa intensidade. Neste contexto condicionado polo calendario unha comunidade resiste á dinámica global e consegue manterse en niveis semellantes aos do pasado ano. É o caso de Baleares, que en sentido estrito amosa unha caída do 0,3% no volume de noites.
- Os restantes destinos amosan caídas de diversa intensidade, sendo neste caso Madrid o que presenta o descenso menos acusado –do 4,6%– e, no lado contrario, Asturias a comunidade que amosa a caída máis notable –do 34,0% en relación ao mes de abril do pasado ano–, porcentaxes referidas ás noites.
- Neste contexto Galicia rexistra a cuarta caída máis notoria e de maior intensidade, só superada por Aragón, A Ríoxa e obviamente Asturias.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante sendo igualmente Baleares o destino de mellor comportamento relativo –amosa un incremento do 0,9% neste caso–. Tamén neste caso Asturias rexistra a caída de maior intensidade, do 27% neste caso.


- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 1,9% do total de España –posición semellante á rexistrada nos primeiros meses deste ano-. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 7,6 millóns de pernoctacións no mes de abril –o 23,0% do total-. Sitúanse a continuación Andalucía –con preto de 5,6 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con máis de 5,5 millóns-, a C. Valenciana –con case 3,8 millóns-, Baleares –con máis de 3,3 millóns- e Madrid –con algo máis de 2,3 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades agrupan ao 85% do total da demanda turística regrada do conxunto de España.
- En abril o 92,4% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 78,0%- coma ás pensións –co 14,4% neste caso-. O 7,6% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 3,3% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,4% neste caso-. Os cámpings teñen un peso pouco significativo neste mes con apenas o 1% do total da demanda –circunstancia propia neste caso dun período de temporada baixa a pesar de que a cifra mellora notablemente o dato do primeiro trimestre-.
- Esta estrutura da demanda continúa a ser propia e característica dun mes de temporada baixa.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Abril 2018



- Por tanto, o comportamento global da demanda turística regrada vén moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser con diferenza a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorben a case catro de cada cinco noites dentro do aloxamento regrado-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con caídas de notable intensidade. No segmento hoteleiro o descenso sitúase no 17% -sendo do 15,7% nos hoteis e do 23,3% nas pensións-. En ambos casos esta caída provén do descenso da cifra de viaxeiros aloxados, do 15,9% nos hoteis e do 39,6% nas pensións.


- No ámbito extrahoteleiro as caídas son, en xeral, notorias e de maior intensidade –do 38% nos apartamentos turísticos, do 68% nos cámpings e do 45% nos establecementos de turismo rural- e proveñen tamén de descensos paralelos da cifra de viaxeiros aloxados.
- Así pois, o comportamento negativo da demanda turística regrada neste mes de abril vén como consecuencia do descenso observado en todas as tipoloxías de aloxamento, con notable intensidade.



- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de preto de 118 mil noites no segmento hoteleiro e de máis de 41 mil noites no ámbito extrahoteleiro en relación ao mes de abril do pasado ano. O comportamento é, por tanto, homoxéneo.
- Dentro do segmento hoteleiro xa se viu un comportamento similar entre os hoteis e as pensións. Tal circunstancia trasládase ás diferentes categorías, observándose caídas en todos os segmentos hoteleiros –con intensidade variable-. O descenso menos acusado ou máis moderado sitúase nos hoteis de catro e cinco estrelas, cunha caída próxima ao 9% interanual. No lado contrario o descenso máis notable corresponde ao segmento de menor categoría –hoteis dunha estrela e pensións-, no que a caída supera o 20% interanual –achegándose ao 30% no caso xustamente dos hoteis dunha estrela-.
- No lado das pensións obsérvase neste caso un comportamento homoxéneo, con caídas de similar intensidade. En concreto, descende o volume de noites nas pensións de tres e dúas estrelas –un 22%- e naquelas dunha estrela –un 24% en particular-.
- Neste mes de abril o 74,2% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno –o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 25,8% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e aseméllanse bastante á estrutura observada en termos de viaxeiros –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 72% mentres que o internacional representa o


28%-. Esta distribución é propia dun mes de temporada media no que o peso do turismo estranxeiro supera o 25% –marca diferenza co primeiro trimestre cando o mercado internacional representaba o 18% no conxunto dos tres meses-.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Abril 2018



- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de abril, con caídas de diversa intensidade. O turismo nacional presenta un comportamento negativo con descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 23,9%- coma do volume de noites –do 23,6% neste caso-. Esta caída contrasta co incremento observado en 2017 e vai na liña do comportamento global da demanda neste mes de abril, moi condicionado polo efecto do calendario. Con isto, o segmento nacional xera preto de 463 mil noites neste cuarto mes do ano, dato que queda por encima dos valores rexistrados no período 2013-16.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Abril 2018/17




- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica negativa con descensos tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 18,7%- coma do volume de pernoctacións –do 9,2% neste caso-, colocando o nivel final en 161 mil noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano pero

superior á rexistrada en toda a serie anterior. De feito, esta caída rompe cunha serie de incrementos consecutivos nos catro últimos anos –á marxe do período no que se celebre a Semana Santa o mercado internacional viña crescendo de forma notable desde o 2014, a taxas que acadaron o 25% interanual no pasado 2017-.

- O peor comportamento relativo do turismo nacional fronte ao internacional conleva unha perda de peso no conxunto da demanda de case tres puntos neste caso, para situarse no 74,2% do total. O mercado internacional supón, en cambio, o 25,8% do total das noites no aloxamento regrado –cifra importante que supera a porcentaxe rexistrada no pasado ano mais queda por debaixo do nivel acadado en 2016-.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado mantense en relación ás grandes tipoloxías de aloxamento. Ambos empeoran os niveis de demanda no sector hoteleiro –un 20% o nacional e un 7% o internacional- así como no segmento extrahoteleiro –un 50% o mercado nacional e un 31% o internacional-.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,93 noites, cifra que se incrementa levemente en relación ao pasado ano –un 2,8% en particular-. É o segundo ano consecutivo no que sobe a estadía media no mes de abril –neste caso acontece nun contexto negativo-, circunstancia que permite mellorar o dato en dúas décimas e acadar o valor máis elevado desde o 2012 –cando se situaba por encima das dúas noites de media-.


Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Abril 2018



- Os apartamentos turísticos e os cámpings son as modalidades que presentan as estadías máis elevadas, con preto de 2,4 noites de media neste mes de abril. As restantes tipoloxías rexistran cifras máis baixas, quedando incluso por debaixo das dúas noites. Rexistran algo máis de 1,9 noites de media os hoteis e as pensións, e 1,6 noites os establecementos de turismo rural.
- En termos dinámicos a estadía media varía de forma dispar en relación coas diferentes tipoloxías. Mantense estable nos hoteis, sobe de forma notable nas pensións –un 27% en particular- e descende nas tres modalidades extrahoteleiras –un 8% nos apartamentos turísticos, un 2% nos cámpings e un 15% nos establecementos de turismo rural-.

- En comparación coas restantes comunidades autónomas a cifra de Galicia sitúase nunha posición intermedia superando os valores de catro comunidades autónomas. Novamente Canarias –cunha media de 7,0 noites- é o destino que rexistra o valor máis elevado de toda España. Con pouco máis de cinco noites sitúanse a continuación Baleares, por diante da C. Valenciana e de Murcia –ambas por encima das tres noites de media-. No lado contrario é Castela e León o destino que presenta o valor máis baixo con menos de 1,8 noites de media.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Abril 2018



- Desde o punto de vista da ocupación obsérvase un comportamento parello. Empeora en todas as modalidades, con diversa intensidade. Os descensos máis acusados e notorios sitúanse nos hoteis –máis de cinco puntos porcentuais-, nos apartamentos turísticos –de máis de sete puntos- e nos establecementos de turismo rural –de case nove puntos-.
- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 38,0% de media neste mes. Marcan diferenza coas restantes tipoloxías que fican por debaixo do 20%. A porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings -cunha ocupación media do 7,5%-.